

A FUNCIÓN DE REPRODUCCIÓN

A **función de reprodución** é a que nos **permite ter descendencia e polo tanto manter a especie**.

Para ter a descendencia **é necesaria a unión de dúas células sexuais, o óvulo** (célula sexual feminina) **máis o espermatozoide** (célula sexual masculina).

Os novos fillos serán semellantes aos seus proxenitores.

Na función de reprodución é a única función onde os aparatos son diferentes en homes e mulleres. A etapa de crecemento na cal se desenvolve o sistema reprodutor é a **puberdade**, etapa que comeza entre os 10-12 anos ata os 18.

CAMBIOS FÍSICOS DA PUBERDADE

RAPAZAS

- Aparece pelo na pube e nas axilas.
- Aumenta o tamaño dos peitos e dos órganos do aparato reprodutor.
- Prodúcese un crecemento brusco e anchean as cadeiras.
- Teñen lugar as primeiras menstruacións.

RAPACES

- Aparece pela na cara, na pube, nas axilas e nas pernas.
- Aumenta o tamaño do pene e dos demais órganos do aparato reprodutor.
- Prodúcese un crecemento brusco e a voz faise máis grave.

CAMBIOS PSIQUICOS DA PUBERDADE

Ademais dos cambios físicos tamén hai uns cambios psíquicos relacionados con novas inquedanzas que se viven de forma moi intensa: as amizades, a idea de liberdade, o interese por cuestións políticas e sociais...


O amor e o impulso sexual son moi intensos nesta etapa, pois as cuestións relacionadas co sexo aparecen mentres se producen os cambios físicos no corpo. Este impulso sexual chámase sexualidade, e ten que estar sempre establecida en normas básicas como o respecto, a liberdade, a confianza e a responsabilidade.

Entre os 16-18 anos a maioría dos rapaces e rapazas teñen completamente desenvolvido o aparato reprodutor, polo que están capacitados para ter fillos.

O APARATO REPRODUTOR FEMININO


Como dixemos na presentación do tema, o aparato reprodutor feminino e masculinos son diferentes.

O aparato reprodutor feminino está formado por:



- a) **Ovarios:** son dous e son os órganos que producen as células sexuais femininas, **os óvulos**.
- b) **Trompas de falopio:** son dous condutos que recollen os óvulos e os conducen ao útero.
- c) **Útero:** órgano musculoso que pode anhear para aloxar o novo ser en caso de embarazo.
- d) **Vaxina:** conduto que comunica o útero co exterior.
- e) **Vulva:** parte externa do aparato reprodutor feminino.

OS ÓVULOS



Os óvulos son as células sexuais femininas. Cando as rapazas chegan á idade de 12-14 anos os óvulos comezan a estar maduros. Os óvulos maduros saen dos ovarios (un óvulo cada 28 días), e deposítanse nas trompas de falopio. Este proceso ten o nome de **OVULACIÓN**.


Unha vez na trompa de falopio, se ao óvulo chega un espermatozoide prodúcese a **FECUNDACIÓN**. O óvulo fecundado sitúase no útero para o seu crecemento.

Pero se mentres o óvulo está na trompa de falopio non chega ningún espermatozoide, ese óvulo morre, producindo unha pequena hemorraxia denominada **MENSTRUACIÓN**. A menstruación ten unha duración de entre 4 ou 5 días.

A muller adulta entre os 45 – 55 anos deixa de producir óvulos. Ese fenómeno ten o nome de **MENOPAUSIA**.

O APARATO REPRODUTOR MASCULINO

Está composto pelas seguintes partes:




- a) **Testículos:** son os órganos que producen as células sexuais masculinas, **os espermatozoides**.
- b) **Condutos deferentes:** son dous tubos polos que os espermatozoides pasan dos testículos ata a uretra.
- c) **Vesícula seminal:** dous pequenos órganos que segregan o **líquido seminal**, necesario para o crecemento dos espermatozoides.
- d) **Próstata:** órgano que segrega o líquido prostático, que serve de alimento ao espermatozoide.

e) **Uretra:** conduto do interior do pene por onde o espermatozoide sae ao exterior.

f) **Pene:** órgano externo encargado de depositar os espermatozoides dentro da vaxina para que chegue ao útero e producir a fecundación.

OS ESPERMATOZOIDES



Os espermatozoides son as células sexuais masculinas. Son de pequeno tamaño, alongados e cunha longa cola que lle serve para desprazarse rapidamente.

A produción de espermatozoide nos rapaces comeza entre os 12-15 anos. Desde ese momento, os testículos producen millóns de espermatozoides. A partir de 50 anos a cantidade de espermatozoides diminúe.

A FENCUNDACIÓN

A fecundación é a unión dun óvulo con un espermatozoide. A fecundación ten lugar durante o **acto sexual ou coito**.

Durante o coito, o home introduce o pene na vaxina da muller onde depositará os espermatozoides. Estes espermatozoides ascenden rapidamente, grazas ao movemento da súa cola, pola vaxina ata chegar ao óvulo que está nas trompas de falopio. O primeiro espermatozoide que chegue ao óvulo será o que fecunde dito óvulo.

O óvulo fecundado pasará ao útero para o seu crecemento. Dende ese momento comeza o **EMBARAZO**.

O embarazo ten unha duración de 9 meses e tes as seguintes fases:

PRIMEIRO TRIMESTRE

- O **embrión** ten forma alongada e, pouco e pouco, adquire aspecto humano.
- Empézanse a diferenciar a maioría dos órganos.
- Ao final do trimestre pesa uns 20 g e mide sobre 10 cm.

SEGUNDO TRIMESTRE

- O **feto** ten todos os órganos desenvolvidos excepto os pulmóns.
- Móvese moito e chupa o dedo.
- Ao final do trimestre pesa uns 900 g e mide uns 32 cm.

TERCEIRO TRIMESTRE

- Os pulmóns prepáranse para respirar.
- Móvese moi pouco e vaise situando coa cabeza cara a abaixo para encaixar coa pelve da nai.
- Ao final do embarazo pesa entre 3 e 3,5 kg e mide uns 50 cm.



O PARTO

Consiste na saída ao exterior do novo ser. O nacemento dun novo ser humano.

Durante o parto, o útero e a vaxina anchean mentres a cabeza do feto fai forza para saír.

Tan pronto sae o bebé, o médico corta o cordón umbilical que unía o embigo do bebé coa súa nai.

O bebé acabado de nacer debe ser alimentado co leite materno, ou con preparados lácteos especiais, xa que é moi importante alimentar ao bebé con leite apropiada que lle proporcione defensas e nutrientes para un crecemento correcto.